

ORDENANZA FISCAL Nº 36 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO CENTRO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE GANDO NA FEIRA DO TRECE

Artigo 1. FUNDAMENTO LEGAL

O Concello de Narón, ao abeiro do disposto nos artigos 41 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece o prezo público pola prestación do servizo de desinfección de vehículos de gando na feira do Trece, o cal se esixirá conforme ao establecido na presente Ordenanza.

Artigo 2. FUNDAMENTO ECONÓMICO

Constitúe o fundamento económico do presente prezo público a prestación do servizo de desinfección de vehículos de gando, que se realizará no centro de desinfección propiedade desta entidade.

Artigo 3. PERSOAS OBRIGADAS AO PAGO

Están obrigadas ao pago do prezo público regulado na presente ordenanza as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación do servizo.

Artigo 4. CONTÍA

A contía correspondente a cada persoa que estea obrigada ao pago en concepto de prezo público por prestación do servizo de desinfección de vehículos de gando, aplicarase de acordo ás seguintes tarifas mínimas:

TIPO DE VEHÍCULO	DESINFECCIÓN	DESINFECCIÓN E LAVADO
Remolques uso particular, tara máxima de 400 kg	1 €	4 €
Camión de menos de 4 t	6,38 €	11,87 €
Camión de máis de 4 t	7,79 €	15,19 €
Trailer 2 pisos		18 €
Trailer 2 pisos máis remolque de 1 piso ou trailer de máis de 2 pisos		20,55 €
Trailer 2 pisos máis remolque de 2 pisos		25,66 €

Artigo 5.

A obriga do pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace no momento de solicitar a prestación do servizo.

Artigo 6.

As cantidades esixibles liquidaranse por cada servizo prestado, sendo irreducible no seu importe.

No suposto de que se producisen danos nas instalacións do centro de desinfección, imputables ao suxeito pasivo, este estará obrigado a aboar o importe dos gastos de reconstrución e reparación derivados dos danos causados.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Nos termos previstos no artigo 47 da Lei reguladora das facendas locais e normativa concordante, delégase na Xunta de Goberno Local do concello a facultade de modificar o prezo público regulado nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 01 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.